



## **CONCELLO DE ORDES**

### **(A CORUÑA)**

**PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE XESTIÓN, SUBGRUPO A2, EXPDTE. 2024/E001/000007**

#### **PRIMEIRA PROBA. PREGUNTAS TIPO TEST.**

En Ordes, sendo as once horas do 28 de xaneiro de 2025, reúnese na Sala de Xuntas do 3º andar da Casa Consistorial o Tribunal nomeado para xulgar o **PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE XESTIÓN, SUBGRUPO A2, EXPEDIENTE 2024/E001/000007**, convocado pola resolución da alcaldía nº 1373, de data 4 de outubro de 2024.

Asisten:

- . **Presidente:** Mónica Iglesias Prego, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **1º Vogal:** Javier Siro Suárez Rodríguez. Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **2º Vogal:** Rocío Varela Rodríguez, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.
- . **3º Vogal:** Marcos Antonio Barreiro Fontenla, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.
- . **Secretario:** José Alberto Moar Tobío, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente ó exame das reclamacións presentadas contra as cualificacións provisionais da primeira proba do proceso selectivo, preguntas tipo test, que son as seguintes:

\* Reclamación presentada por **ALBERTO RUÍZ VALENCIA**, con DNI nº **\*\*\*0836\*\***, data 16/01/2025, rexistro de entrada nº 20259990000101. Solicita textualmente que “... se vuelva a revisar mi plantilla, ya que tengo 80 bien, 19 mal y 1 en blanco. Sin embargo en la cualificación provisional salen 80 bien, 20 mal y 0 en blanco.”

Examinada as plantillas de respostas pode comprobarse que efectivamente o aspirante con código **9638256935**, que pode deducirse que é o reclamante, non contestou á pregunta nº 73 polo que lle corresponderían 80 preguntas acertadas, 19 falladas e 1 en branco.

O Tribunal acorda estimar a reclamación presentada.

\* O Tribunal examina de novo as plantillas de respostas e as cualificacións provisionais outorgadas e atopa que no reconto de respostas do aspirante co código **6451542780** asignáronse 76 preguntas acertadas, 22 falladas e 2 non respondidas e una



## **CONCELLO DE ORDES**

### **(A CORUÑA)**

cualificación provisional de 6,87 puntos, porén, no cadro de cualificacións reflíctense erroneamente 32 preguntas falladas. O correcto son 76 preguntas acertadas, 22 preguntas falladas, 2 en branco e unha cualificación de 6,87 puntos, xa que o cálculo desta xa se tiña feito cos datos correctos.

\* Reclamación presentada por **MARÍA PAMPÍN MARIÑAS**, con DNI nº **\*\*\*7342\*\***, data 21/01/2025, rexistro de entrada nº 202599900000145. A aspirante alega o seguinte:

«1.- A pregunta número 75 non ten ningunha opción de resposta correcta polo que se solicita a súa anulación.

*O tribunal considera correcta que a opción A e, polo tanto, que as relacións de postos de traballo non son de publicación obrigatoria para as Administracións Públicas. Non obstante, o artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público sinala que as relacións de postos de traballo ou instrumentos similares “serán públicos” e, polo tanto, enténdese que a súa publicación é obrigatoria. Pola súa banda, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle igualmente no seu artigo 38 a condición de “instrumento técnico de carácter público” das relacións de postos de traballo e, no seu artigo 202, específico para entidades locais de Galicia, obriga a que a relación de postos de traballo sexa sometida a información pública e, unha vez aprobada definitivamente, “publicada integramente no boletín oficial da provincia”.»*

O enunciado da citada pregunta nº 75 comeza coa frase “As Administracións Públicas deben publicar de forma activa determinadas informacións”, polo que a pregunta que se fai a continuación ven derivada da frase coa que se inicia a cuestión.

A publicidade activa regúlase no Capítulo II da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (artigos 5 a 11).

O artigo 5, apartado 2, da mencionada Lei dispón que “As obrigas de transparencia contidas neste capítulo enténdense sen prexuízo da aplicación da normativa autonómica correspondente ou doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade.”

Pois ben, na citada norma indícase que “Os suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación deste título publicarán información relativa ás funcións que desenvolven, a normativa que lles sexa de aplicación así como á súa estrutura organizativa” (artigo 6, apartado 1) e “Tendo en conta as competencias legislativas das Comunidades Autónomas, os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título deberán facer pública, como mínimo, a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria que se indican a continuación: (...) f) As retribucións percibidas anualmente polos altos cargos e máximos responsables das entidades incluídas no ámbito da aplicación deste título.” (artigo 8.1.f), polo que as ditas



## **CONCELLO DE ORDES**

### **(A CORUÑA)**

informacións son obrigatorias ao abeiro do disposto na citada Lei, non sendo por tanto as respostas correctas a “a” e a “b”.

A citada lei non indica a obriga de publicación activa das relacións de postos de traballo, polo que no caso destas (de publicidade obrigatoria segundo o disposto no RDL 5/2015, do 30 de outubro, e a Lei 2/2015, do 29 de abril, tal e como alega a reclamante) estamos ante o sinalado anteriormente que regula o apartado 2 do artigo 5 da Lei 19/2013 respecto a outras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade.

Por conseguinte, e dado que a pregunta refírese á publicidade activa regulada na reiterada Lei de transparencia a resposta correcta é a “c”.

O Tribunal acorda desestimar a reclamación.

O Tribunal procede a apertura dos sobres nos que se identifica a cada aspirante co seu código numérico.

Tendo en conta a resposta ás reclamacións presentadas e a dita identificación, o Tribunal acorda outorgar ós aspirantes as seguintes cualificacións definitivas na primeira proba do proceso selectivo:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>PREGUNTAS ACERTADAS</b>	<b>PREGUNTAS FALLADAS</b>	<b>PREGUNTAS NON CONTESTADAS</b>	<b>CUALIFICACIÓN DEFINITIVA</b>
ABRAIRA CENDAL, JACOBO	***1073**	49	51	0	3,20
CASTIÑEIRAS BECERRA, DAVID	***4732**	34	48	18	1,80
IGNACIO RIAL, ROCIO	***3328**	67	8	25	6,43
IRIGOYEN VAZQUEZ, SERGIO	***5478**	76	22	2	6,87
MARTÍNEZ GONZÁLEZ, MARÍA DOLORES	***0713**	63	27	10	5,40
MONTOUTO PEREZ, FRANCISCO XOSE	***1735**	84	11	5	8,03
PAMPIN MARIÑAS, MARÍA	***7342**	69	15	16	6,40
PARDO GONZALEZ, ALVARO	***1175**	48	35	17	3,63



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

REIGOSA LOMBAO, AGOSTIÑO	***5500**	63	15	22	5,80
ROEL VIDAL, LORETO	***3788**	45	52	3	2,76
RUIZ VALENCIA, ALBERTO	***0836**	80	19	1	7,36
SANCHEZ FERNANDEZ, DIEGO	***1078**	33	50	17	1,60
UZAL VIEITES, PATRICIA	***2873**	59	41	0	4,53
VAZQUEZ LIÑEIRA, JORGE	***2139**	80	16	4	7,46

Considerando o disposto na Base 5ª do proceso selectivo (Desenvolvemento do procedemento de selección.), que establece que na primeira proba será necesario que os aspirantes acaden 5 puntos, como mínimo, para non quedaren eliminados do proceso selectivo e vistas as cualificacións obtidas, o Tribunal declara que superan esta primeira proba os aspirantes seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI
IGNACIO RIAL, ROCIO	***3328**
IRIGOYEN VAZQUEZ, SERGIO	***5478**
MARTÍNEZ GONZÁLEZ, MARÍA DOLORES	***0713**
MONTOUTO PEREZ, FRANCISCO XOSE	***1735**
PAMPIN MARIÑAS, MARÍA	***7342**
REIGOSA LOMBAO, AGOSTIÑO	***5500**
RUIZ VALENCIA, ALBERTO	***0836**
VAZQUEZ LIÑEIRA, JORGE	***2139**

O tribunal acorda publicar as cualificacións obtidas polos aspirantes na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello.

Polo Tribunal tamén se acorda convocar ós aspirantes á realización da segunda proba do proceso selectivo (resolución dun ou varios casos prácticos), que terá lugar o día **4 de febreiro de 2025, ás 10:00 horas, no 3º andar da Casa Consistorial (Sala de Xuntas).**

E non sendo outro o obxecto desta reunión, sendo as once horas e trinta minutos do día ó principio sinalado, dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta.

**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección que outorga ós aspirantes as cualificacións definitivas da primeira proba do proceso selectivo, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1



## **CONCELLO DE ORDES**

### **(A CORUÑA)**

de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

A Presidenta  
Mónica Iglesias Prego  
(asinado electrónicamente)

O Secretario  
José Alberto Moar Tobío